

Román Rodríguez, conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

Estimado conselleiro

Na tarde de onte, 7 de setembro, remítiame unha carta na que confirmaba a convocatoria dunha sesión plenaria do Consello Escolar de Galiza que terá lugar mañá 9 de setembro ás 17:30 horas por videoconferencia. Na carta indicaba que con posterioridade e de xeito inmediato lle gustaría “convocalos a unha reunión na que podamos encontrar vías de colaboración e de traballo conxunto, co obxectivo de evitar unha folga que pode afectar seriamente á volta ás aulas”. Engadía finalmente que consideraba “fundamental que se suspenda esta convocatoria de folga” e apelaba a “traballar xuntos para garantir o dereito á educación e á seguridade”.

Quero publicamente contestarlle que son consciente de que vostede acaba de tomar posesión e que os días teñen as horas que teñen mais que, sendo vostede un conselleiro que coñece perfectamente o departamento que volve dirixir e tendo practicamente o mesmo equipo que vostede tiña cando ocupou anteriormente o cargo, non resulta de bo agrado recibir unha apelación a buscar vías de entendemento para evitar a folga convocada cunha reunión que, no mellor dos casos, sería nas últimas horas da tarde da véspera da primeira xornada de folga.

Mais tamén lle debo indicar que as súas boas palabras baten frontalmente coa primeira decisión que toma como conselleiro: impoñer uns servizos mínimos abusivos que buscan dificultar ou mesmo impedir o exercicio dun dereito fundamental e que o fagan case sen marxe de tempo. É unha conduta vergoñenta por parte da súa Consellaría e, de vostede, se finalmente así os impón.

Creo que ninguén no noso país, ninguén dentro dos diferentes colectivos que conforman a comunidade educativa mais sobre todo, ningún mestre, ningunha profesora se merece ser relegada ou desprezada como por desgraza foi moi habitual nestes últimos anos por parte da Consellaría. Por iso desde a CIG-Ensino temos, como sempre, toda a disposición a negociar a calquera hora sobre os cambios que son fundamentais no actual protocolo e as condicións para unha educación presencial con seguridade, así como unha alternativa universal e gratuíta a calquera posíbel interrupción desta. A mesma disposición que temos para falarmos con claridade e publicamente para evitar enganos e distraccións. É hora de que a Consellaría rectifique, de que presente propostas alternativas. Todo o que non sexa iso só se poderá entender por un continuísmo na pésima xestión da crise sanitaria que vai camiño de se converter, se non se toman medidas contundentes e inmediatas, nunha crise educativa.

Por iso non podo compartir que se difira unha posíbel saída ao conflito, creado pola imposición unilateral do protocolo, anunciando unha reunión a escasas horas do inicio dunha folga e impoñendo uns servizos mínimos que buscan reforzar o enfrontamento co profesorado en particular e coa comunidade educativa en xeral. Son os feitos e non as palabras ou as cartas os que o retratan e retratarán, conselleiro. Se vostede ten algunha proposta que facer non debe agardar máis. Hai milleiros de persoas pendentes. En todo caso, para actuar con esa claridade que lle indico, trasládolle que o que desde a CIG-Ensino agardamos da súa comparecencia no Consello Escolar de Galiza non é tanto que nos escoite, que sempre é bo, senón que presente propostas. Para saber o que pensamos ten vostede todos os documentos previos e posteriores á presentación do protocolo, así como todos os comunicados e valoracións destas dúas semanas. O que poidamos dicir, tanto no seo do Consello Escolar como nesa reunión tardía que nos anuncia non vai diferir en nada do que xa dixemos e mantemos. Agora o que queremos saber é o que

vostede nos ten que dicir a nós; o que vostede lle ten que dicir ao profesorado, a todo o persoal dos centros, a toda a comunidade educativa, a un país que xa ten que soportar unha pandemia e precisa que esa crise non se estenda a un ámbito tan fundamental e delicado como o educativo.

Por exemplo, e moi resumidamente, precisaremos escoitar de vostede respostas a estas cuestións:

- Asumirá unha modificación negociada con carácter de urxencia do protocolo?
- Manterá as ratios de 25 en Infantil e Primaria coa falacia dos grupos burbulla ou evitará a discriminación deste alumnado elevando a distancia a 1.5m como vén de facerse para secundaria e FP?
- Que vai facer coas ensinanzas de réxime especial e de idiomas ao respecto do 1.5m, ausentes no protocolo?
- Modificará o inicio de curso para poder organizar ben os centros?
- Obrigará ao profesorado vulnerábel a acudir aos centros?
- Asumirá desde a Consellaría as responsabilidades que actualmente descarga en docentes e familias?
- Poderá garantir que teremos profesorado e material para unha atención equitativa e universal na teledocencia para o alumnado que vexa interrompida a presencialidade?
- Disporá o profesorado de todos os medios materiais e formativos para facer fronte a esa situación?
- Van dispoñer os centros dun orzamento especial anti-covid (docentes, persoal de limpeza, material de protección, material ofimático e de conexión) ou detraeranse dos ordinarios do centro para compra de material sanitario e de protección?
- Manterá as limitacións en comedores, transporte e extraescolares presentes no protocolo?

Son as respostas a estas preguntas, entre outras, as que nos darán unha imaxe clara e concisa sobre as intencións que anuncia na súa carta. Os servizos mínimos amosan, desde logo, unha nula vontade de chegar a acordos. Insistindo, finalmente, en que non nos parece de recibo agardar a última hora de mañá para tratar estes temas coas organizacións sindicais que temos convocadas as dúas xornadas de folga, agardo a coñecer que propostas terá diante dos retos que lle trasladamos desde a CIG-Ensino.

Reciba un cordial saúdo

Compostela, 8 de setembro de 2020



Xesús Bermello García
Secretario Nacional CIG-Ensino